



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, núm. 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 52
web: www.betanzos.gal
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/>
endereço electrónico: correo@betanzos.gal

BASES XI CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA (2022)

XI CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA

O Concello de Betanzos convoca o XI Concurso de creación literaria que pretende promover a escrita creativa e fomentar a creación literaria en galego.

BASES

PRIMEIRA. O tema é libre e os textos deberán presentarse en lingua galega. Os orixinais deberán estar mecanografados a dobre espazo por unha soa cara con letra Times New Roman ou Arial, tamaño 12 puntos ou similar. Os textos que se presenten poderán ser relatos curtos (cunha extensión máxima de cinco páxinas) ou poesías (cunha extensión máxima de cinco poemas). Cada participante só poderá presentar un texto ao concurso.

SEGUNDA. Establécense tres categorías para a participación:

1.^a categoría: ESO

2.^a categoría: Bacharelato / ciclos formativos

3.^a categoría: Ano Antolín Faraldo

A primeira categoría (ESO) e a segunda categoría (Bacharelato e ciclos formativos) son exclusivamente para o alumnado dos centros de ensino de Betanzos (IES Francisco Aguiar, IES As Mariñas e CPR Nosa Señora do Carme "Atocha") e a temática é libre.

O Concello de Betanzos crea a categoría Ano Antolín Faraldo neste XI Concurso de creación literaria con motivo da celebración do bicentenario do nacemento deste betanceiro. Na categoría Ano Antolín Faraldo pode participar calquera persoa maior de idade e procura pór en valor e dar a coñecer a Antolín Faraldo e o seu contexto histórico, polo que é a única que ten unha temática excluínte nos relatos e nas poesías, que deberán inspirarse na figura do betanceiro e no seu contexto histórico arredor da revolución de 1846.

Haberá dous textos premiados en cada unha das categorías, un primeiro premio de 300 euros e un accésit de 150 euros. Sobre a contía do premio aplicaranse as retencións fiscais oportunas.

TERCEIRA. As persoas participantes concorrerán cunha única obra orixinal, inédita e individual. Os textos presentaranse cun pseudónimo e un título. Para garantir o anonimato, nos textos non poden aparecer datos persoais nin sinaturas.

Os textos achegaranse nun sobre pechado no que constará por fóra o pseudónimo, o título do texto e a categoría (ESO, Bacharelato e ciclos formativos ou Ano Antolín Faraldo). Dentro deste e nun sobre pechado figurarán os datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, idade, enderezo postal e electrónico, teléfono, curso e centro escolar) e no exterior deste indicárase o pseudónimo, o título do texto e a categoría (ESO, Bacharelato e ciclos formativos ou Ano Antolín Faraldo).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, núm. 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 52
web: www.betanzos.gal
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal/>
endereço electrónico: correo@betanzos.gal

BASES XI CONCURSO DE CREACIÓN LITERARIA (2022)

CUARTA. O prazo de entrega dos textos está aberto entre o 1 e o 29 de abril (incluído este). Os textos poderanse entregar nas secretarías do IES Francisco Aguiar, do IES As Mariñas e do CPR Nosa Señora do Carme "Atocha", no Servizo de Normalización Lingüística do Concello ou na Biblioteca Municipal Alfonso Castelao.

QUINTA. A convocatoria deste concurso e as súas bases publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, na Base de Datos Nacional de Subvencións, na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.gal) e no taboleiro de anuncios municipal.

SEXTA. Os criterios para a concesión dos premios serán a calidade e a orixinalidade dos textos, así como a innovación literaria, a creatividade na escrita, a corrección lingüística, a adecuación aos obxectivos do concurso e á temática na categoría Ano Antolín Faraldo. Valorarase a calidade estética, lingüística e da redacción, así como a orixinalidade do texto presentado.

SÉTIMA. O xurado estará composto por un/unha presidente/a e un/unha secretario/a nomeados/as para tal efecto e mais un/unha vogal de cada un dos centros de ensino de Betanzos con alumnado participante, así como unha escritora de recoñecido prestixio. O xurado está facultado para tomar a decisión que considerar oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios convocados.

OITAVA. O prazo de resolución do xurado será dun máximo de quince días a partir da data límite de entrega dos traballos. O nome dos gañadores e gañadoras publicaranse na páxina web do Concello (www.betanzos.gal) logo da resolución do xurado. Así mesmo, o Concello comunicarlle ás persoas premiadas a hora e lugar da entrega dos premios nun acto que será público.

NOVENA. O Concello de Betanzos resérvase o dereito de difusión e/ou publicación dos traballos gañadores. Neste sentido os/as autores/as renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría.

DÉCIMA. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das normas recollidas nestas bases e da decisión do xurado designado.